



BOAS NOVAS EN XERAL

Última fin de semana de outubro na que todos os equipos do Numancia tiveron o seu partido. Analizamos de seguido, o sucedido nos distintos encontros. Ares, 2 de novembro de 2017.

MODESTOS

: Derrota pola mínima en Prados Vello ante o Somozas "B", nun partido no que os puntos non tiñan transcendencia para ningún dos dous equipos. O mellor, o regreso ao fútbol do gran Chapu despois dun ano no dique seco, nun partido que serviu para certificar que Alex Pita foi o mellor xogador do equipo no mes de outubro.

XUVENÍS:

Vitoria cómoda en Prados Vello ante o CD Narón "B" que serviu para certificar a clasificación do equipo para a "Liga dos mellores" na penúltima xornada da primeira fase.

CADETES

: Gran partido en Sinde ante un dos mellores equipos da categoría, a SD O Val. Os rapaces perdían finalmente o encontro, pero deron unha boa imaxe na maior parte do partido.

INFANTÍS:

Vitoria clara dos rapaces na súa longa viaxe ata o campo de San Claudio, en Ortigueira.

FÚTBOL- 8:

Vitoria do alevín "A" ante o líder do grupo, o Cedeira en Prados Vello. O alevín "B" conseguía un empate en Caranza ante os locais, líderes tamén do seu grupo. Os benxamíns vencía con claridade ao Libunca. Os prebenxamíns, empataban en Prados Vello ante o líder do grupo, o Galicia de Caranza "B".

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!